

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
FORCAREI**Contratos administrativos***CONTRATACIÓN DE AXUDA NO FOGAR**ANUNCIO***1.—ENTIDADE ADXUDICATARIA:**

Organismo: Concello de Forcarei.

Dependencia: Secretaría.

Núm. Expte: S1/2016.

2.—OBJECTO DO CONTRATO:

Descrición do obxecto: Contratación do Servizo de Axuda no Fogar.

3.—TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto con múltiples criterios de adxudicación

4.—ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

Importe total: Establécese como prezo máximo do contrato a cantidade de 11,50 Euros/hora (sen IVE) e será igual para libre concorrencia e dependencia, para todos os días da semana, incluídos domingos e festivos, ata un máximo anual de 189.026,88 euros (IVE incluído) do custo anual do contrato. Para os usuarios de libre concorrencia aplicarase o IVE do 10 % e para os usuarios de dependencia o IVE do 4 %.

5.—GARANTÍAS:

Provisional: non se esixe.

Definitiva: O equivalente ó 5% do prezo de adxudicación.



6.—PRAZO DE EXECUCIÓN:

Prazo de execución: 2 anos contados a partir da sinatura do contrato.

O contrato poderá prorrogarse por periodos de un ano ata un máximo de catro.

7.—OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN:

Entidade: Concello de Forcarei (Secretaría)

Domicilio: Praza da Igrexa nº 1.

Localidade: Forcarei, C.P. 36550

Teléfono 75.50.36/75.54.32

Fax 75.40.82.

Paxina web: www.forcarei.net (perfil do contratante)

Data límite de obtención de documentación e información: Ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

8.—REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:

Clasificación: Non se esixe.

Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: Os requisitos específicos do contratista en canto á solvencia económica e financeira, así como á solvencia técnica e profesional, indícanse no prego de cláusulas económico-administrativas.

Outros requisitos específicos: Indícanse nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

9.—PRESENTACIÓN DE OFERTAS:

Data límite de presentación: A que resulte de contar 15 días naturais dende á publicación deste anuncio no BOP.

Documentación a presentar: A que figura no prego de condicións.

Lugar de presentación:

1º.—Entidade: Concello de Forcarei.

2º.—Domicilio: Praza da Igrexa, nº 1

3º.—Localidade: Forcarei CP 36550



10.—APERTURA DE OFERTAS:

Entidade: Concello de Forcarei.

Domicilio: Praza da Igrexa nº 1

Localidade: Forcarei. CP 36550.

Data: Sexto día hábil seguinte ó do remate de presentación de ofertas, excepto sábados.

Hora: 10:00 horas.

11.—GASTOS DE ANUNCIOS:

A conta do adxudicatario.

12.—PUBLICIDADE DOS PREGOS DE CONDICIÓNS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Estarán de manifesto tódolos días hábiles na Secretaría do Concello e no perfil do contratante www.forcarei.net.

Forcarei, 18 de maio do 2016.—A Alcaldesa, Belén Cachafeiro Anta.

